



Clasificación

Reino Animalia

Filum Porifera

Clase Demospongiae

Subclase Heteroscleromorpha

Orde Haposclerida

Familia Chalinidae

Descrición

Espónxa moi polimórfica que pode formar finas follas incrustantes, ramificarse de forma reptante ou ter forma arborescente ramificada de forma desordenada, con ramas aplanadas. As ramas chegan a alcanzar 10 milímetros de diámetro. No intermareal desenvólvese como incrustacións finas e planas baixo pedras, mentres que en augas profundas o seu desenvolvemento é xeralmente de forma ramosa reptante, volvéndose algo nodulosa nas proximidades dos ósculos. É extraordinariamente polimórfica e presenta unha gran plasticidade ata o extremo de que dous exemplares cheguen a anastomosar as súas ramas para fundirse nun só exemplar. Os ósculos poden estar na superficie da esponxa ou lixeiramente elevados e distribuídos de forma uniforme, situándose, no caso das formas ramosas en ambos os lados das ramas. É característico desta esponxa presentar diferentes áreas con distintos tons de cor marrón, amarela, laranxa e incluso branca, que son máis ou menos escuras dependendo da exposición á luz. As partes mortas da esponxa son de cor amarela alaranxada.



Hábitat e Bioloxía

Baixo pedras na zona intermareal e sobre rochas a profundidades de ata 30 metros, en estuarios e zonas sedimentarias. A forma que recobre é común baixo rochas ou en extrachumbos. As colonias arborescentes ramificadas sobre rochas en zonas abrigadas da acción das ondas, pero con correntes de marea fortes.

Especies semellantes

A súa superficie, visualmente porosa e con diferentes cores, faina máis ou menos inconfundible.

Distribución

Desde o norte das Illas Británicas a Marrocos, incluídas Os Azores, Canarias e o Mediterráneo.



Curiosidades

O nome da especie, *simulans*, é unha palabra latina que significa 'simulando', 'finxindo' e refírese á posibilidade de aparentar outras especies pola súa gran capacidade polimórfica.